

# Boletín Oficial

## DE LA PROVINCIA DE LUGO

PRECIOS DE SUSCRIPCION	ANUNCIOS Y OTRAS INSERCCIONES
Al año.....36,06 € Al semestre.....24,04 € Mas gastos de envío Los municipios de la provincia recibirán gratuitamente una suscripción.	Por cada palabra o números.....0,15 € - Las inserciones con carácter de urgencia, el importe será el doble de la inserción normal. - La tarifa se incrementará en un 50%, en los casos en que los textos a publicar no se entreguen o envíen en soporte informático compatible, según establece el art. 10 de la ordenanza reguladora del B.O.P. - Importe mínimo de publicación.....6 €
<b>VENTA DE EJEMPLARES SUELTOS</b> Por ejemplar de hasta 8 páginas.....0,60 € Por ejemplar de más de 8 y hasta 12 páginas .....0,90 € Por ejemplar de más de 12 páginas ..... 1,35 €	<b>SE PUBLICA TODOS LOS DIAS, EXCEPTO LOS FESTIVOS</b>  Depósito Legal LU-1-1968 / Franqueo concertado (27-2) Imprime: "El Progreso de Lugo, S.L."
LAS SUSCRIPCIONES Y ANUNCIOS SE HARAN PREVIO PAGO DE SU IMPORTE	

### Excma. Diputación Provincial

#### Anuncio de adjudicación de contrato de suministro

1.- Entidad adjudicadora.

a) Organismo: Excma. Diputación Provincial de Lugo.

b) Dependencia que tramita el expediente: Servicio de Planes y Contratación (Negociado de Planes Especiales).

2.- Objeto del contrato.

a) Tipo de contrato: Suministro.

b) Descripción del objeto: Ropa para pacientes del centro residencial y rehabilitador San Rafael, de Castro de Riberas de Lea.

c) Lote: Unico.

d) Boletín Oficial de la Provincia y Diario Oficial de Galicia y fecha de publicación del anuncio de licitación: Número 279 (04-12-03) y 244 (17-12-03), respectivamente.

3.- Tramitación, procedimiento y forma de adjudicación.

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedimiento: Abierto.

c) Forma: Concurso.

4.- Presupuesto base de licitación.

Importe total: 75.000,00 euros.

5.- Adjudicación.

a) Fecha: 16 de enero de 2004.

b) Contratista: Almacenes San Marcos Profesional, S.L.

c) Nacionalidad: Española.

d) Importe de adjudicación: 61.930,37 euros.

e) Duración del contrato: Año 2004.

Lugo, 16 de enero de 2004.- El Presidente, Francisco Cacharro Pardo.- El Secretario, Faustino Martínez Fernández.

R. 00174

#### Anuncio de adjudicación de contrato de suministro

1.- Entidad adjudicadora.

a) Organismo: Excma. Diputación Provincial de Lugo.

b) Dependencia que tramita el expediente: Servicio de Planes y Contratación (Negociado de Planes Especiales).

2.- Objeto del contrato.

a) Tipo de contrato: Suministro.

b) Descripción del objeto: Productos congelados y precocinados, para el centro residencial y rehabilitador San Rafael de Castro de Riberas de Lea.

c) Lote: Unico.

d) Boletín Oficial de la Provincia y Diario Oficial de Galicia, y fecha de publicación del anuncio de licitación: Número 279 (04-12-03) y 244 (17-12-03), respectivamente.

3.- Tramitación, procedimiento y forma de adjudicación.

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedimiento: Abierto.

c) Forma: Concurso.

4.- Presupuesto base de licitación.

Importe total: 80.000,00 euros.

5.- Adjudicación.

a) Fecha: 16 de enero de 2004.

b) Contratistas: Alimentación Ciudad Cristal, S.L. y Congelados Troulo, S.A.

c) Nacionalidad: Española.

d) Importe de adjudicación: 80.000,00 euros.

e) Duración del contrato: Año 2004.

Lugo, 16 de enero de 2004.- El Presidente, Francisco Cacharro Pardo.- El Secretario, Faustino Martínez Fernández.

R. 00175

## AYUNTAMIENTOS MONFORTE DE LEMOS

### Anuncio

Ordenanza reguladora para realizar plantacións de árbores forestais e froiteiras e traballos de explotación forestal, con respecto á conservación do uso dos terreos lindantes e á prevención contra incendios forestais no Concello de Monforte de Lemos.

Artigo 1º.- Fundamento.

De conformidade co establecido no artigo 591 do Código Civil, no Decreto 2661/1967 de 19 de outubro polo que se aproban as ordenanzas ás que teñen que someterse as plantacións forestais en canto á distancia que deben respectar coas fincas lindantes, na Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (artigos 25, 28 e 49) e na Lei 81/1968 de 5 de decembro sobre incendios forestais (artigos 21 e 25), esta ordenanza pretende ordenar a realización dos traballos de plantacións de árbores forestais ou froiteiras e dos traballos de explotación forestal, co propósito de preservar os usos agropecuarios dos propietarios lindantes, protexer contra o risco de incendios forestais e protexer tamén contra os desperfectos que poden causar os traballos de explotación forestal.

Artigo 2.- Distancias nas plantacións de árbores con respecto ós lindantes segundo o uso que lles dean.

A. Con respecto ós cultivos agrícolas, hortícolas, frutícolas e pascícolas.

- Nas especies do xénero eucalyptus (diferentes tipos de eucaliptos) a distancia mínima será de 50 metros.

- Nas especies de coníferas (diferentes tipos de piñeiro, abetos e similares) a distancia mínima será de 8 metros e a dos viñedos de 10 metros.

- Nas especies de frondosas con porte forestal (carballos, castiñeiros, cerdeiras, chopos, etc.) a distancia mínima será de 8 metros e a dos viñedos de 10 metros.

- Nas especies de frondosas de porte froiteiro (castiñeiros, cerdeiras, mazairas, concheiros, etc.) a distan-

cia mínima será de 4 metros.

B. Con respecto a cultivos forestais e matogueiras.

- Nas especies do xénero eucalyptus (diferentes tipos de eucaliptos) a distancia mínima será de 25 metros.

- Nas especies de coníferas (diferentes tipos de piñeiro, abetos e similares) a distancia mínima será de 3 metros.

- Nas especies de frondosas con porte forestal (carballos, castiñeiros, cerdeiras, chopos, etc.) a distancia mínima será de 4 metros.

- Nas especies de frondosas de porte froiteiro (castiñeiros, cerdeiras, mazairas, concheiros, etc.) a distancia mínima será de 4 metros.

C. Con respecto a núcleos rurais e urbanos, vivendas illadas e outras edificacións con actividade ou susceptibles de tela.

- Nas especies do xénero eucalyptus (diferentes tipos de eucaliptos) a distancia mínima será de 150 metros.

- Nas especies de coníferas (diferentes tipos de piñeiro, abetos e similares) a distancia mínima será de 150 metros.

- Nas especies de frondosas con porte forestal (carballos, castiñeiros, cerdeiras, etc.) a distancia mínima será de 25 metros.

- Nas especies de frondosas de porte froiteiro (castiñeiros, cerdeiras, mazairas, concheiros, etc.) a distancia mínima será de 6 metros.

D. Con respecto a fontes naturais e mananciais de auga de uso público.

- Nas especies do xénero eucalyptus (diferentes tipos de eucaliptos) a distancia mínima será de 200 metros.

- Nas especies de coníferas (diferentes tipos de piñeiro, abetos e similares) a distancia mínima será de 15 metros.

- Nas especies do xénero populus (diferentes tipos de chopos), a distancia mínima será de 15 metros.

- Nas especies de frondosas con porte forestal (carballos, castiñeiros, cerdeiras, etc.) a distancia mínima será de 10 metros.

- Nas especies de frondosas de porte froiteiro (castiñeiros, cerdeiras, mazairas, concheiros, etc.) a distancia mínima será de 10 metros.

E. Con respecto a cursos de auga (ríos e regatos).

- Para tódalas especies a distancia mínima será a que estableza a Confederación Hidrográfica.

F. Con respecto ás conducións de auga (canalizacións).

- Para todas as especies a distancia mínima será de 4 metros a cada lado da condución.

G. Con respecto ás liñas eléctricas.

- Para todas as especies a distancia mínima será a que, segundo o tipo de liña, se teña establecido dentro da normativa que as regule.

H. Con respecto a vías públicas municipais.

- Para todas as especies a distancia mínima de plantación será de 4 metros contados dende a aresta exterior da vía pública, entendéndose que a aresta exterior é o bordo exterior da cuneta do camiño ou da estrada destinados á circulación de vehículos en xeral.

- As distancias mínimas previstas neste artigo poderán reducirse, tralo informe favorable do Concello e a solicitude do interesado, nas plantacións ou reboacións cando éstas non sexan susceptibles de ocasionar dano ou prexuízo a algún estremeiro. Para tal efecto o interesado deberá presentar unha declaración de conformidade firmada por tódolos propietarios dos predios lindantes.

- Esta ordenanza non será aplicable para as árbores illadas dun ou varias árbores que non constitúan unha masa arbórea e sempre que as árbores sexan nobres.

Artigo 3º.- Normas sobre lindancia

- Para os efectos desta ordenanza non se considerará roto o linde entre as plantacións e as fincas próximas, aínda que existan entre elas vías públicas, cursos de auga (ríos, regatos, etc.) ou similares, debendo ser respectadas as distancias sinaladas en cada un dos casos do artigo 2º.

Artigo 4º.- Limpeza de fincas próximas a vivendas.

- Os propietarios de fincas situadas a menos de 50 metros de vivendas e outras ou do límite dalgún núcleo rural ou urbano ou demais edificacións estarán obrigados á súa limpeza, de tal forma que non supoñan un perigo en caso de incendio forestal, servindo de barreira contra a propagación do lume cara ás mencionadas edificacións.

- En caso de que os propietarios non realizasen estas labouras de limpeza, podería o Concello executar subsidiariamente ditas labouras, cargándolle os gastos ó propietario.

- Voo e invasión de arborizado. En calquera plantación que dea orixe a que o seu arboredo sobrevoe ou irrompa coas raíces tanto en cultivos agrícolas ou praderías como en camiños públicos, canal de auga, vías e núcleos urbanos así como respecto a calquera tipo de edificación, os propietarios deberán adoptar as medidas que impidan tales ocupacións, tanto do solo como do subsolo e do espazo aéreo, incluídas árbores illadas.

- Cando se trate de invasión de árbores nas vías públicas, os seus propietarios estarán obrigados á poda correspondente, deixando libre unha altura mínima de 5 metros tomados dende o nivel do solo.

Artigo 5º.- Normas para a execución de traballos de explotación forestal.

- Nos aproveitamentos forestais (cortas, claras, etc.) e ocupacións silvícolas (podas, clareos, etc.) que orixinen residuos capaces de producir risco de incendio, deberanse tratar os residuos (leñas, cortizas, etc.) de

xeito que desapareza o risco. En caso de montes xestionados pola Administración Forestal, eles tomarán as medidas axeitadas para eliminar o risco.

- Unha vez rematados os traballos de explotación, as vías públicas e fincas lindantes deberán quedar en perfecto estado, limpas de residuos e sen ningún tipo de desperfecto (firme das vías e elementos constructivos, muros de fincas, etc.).

- Co fin de garantir a conservación da rede viaria municipal e de evitar o risco de accidentes, será preciso solicitar autorización para o transporte e depósito de madeira procedente dos traballos de explotación polas vías públicas de titularidade municipal. Na solicitude especificarase a situación da finca, de onde se vai extraer a madeira, lugares onde se vai almacenar, vías públicas polas que se vai transportar así como os días previstos para realizar o transporte, acompañando fotocopia do permiso de tala da Administración Forestal cando este sexa preciso. A autorización municipal será obrigatoria e gratuíta. O técnico correspondente valorará, antes de realizar o aproveitamento, se se autoriza a situación das zonas de almacenamento e o percorrido dos vehículos, prohibindo de antemán o amontoamento de madeira en cunetas e a invasión da vía.

- Os transportistas de madeira serán, en todo caso, responsables dos danos que se ocasionen nas vías públicas e a terceiros.

- Se fose preciso, por incumprimento do establecido e sen prexuízo da adopción doutras medidas oportunas e do exercicio das accións legais correspondentes, procederase á execución subsidiaria da reparación de danos, segundo o establecido na lexislación de procedemento administrativo.

Artigo 6º.- Cumprimento da Ordenanza e Réxime Sancionador.

Sen prexuízo de ordenar ó infractor que repoña o terreo ó seu estado primitivo, cando incumpra as obrigas establecidas no artigo 2º da presente ordenanza, o Concello, trala tramitación do correspondente expediente, poderá sancionar como se indica a continuación ata que as plantacións sexan retiradas e cumpran o establecido nesta ordenanza:

a) Por non respectar as distancias mínimas establecidas: 60 euros.

b) Por omisión de solicitar autorización para transporte e depósito de madeira: 30 euros.

c) Por incumprimento da obriga de mantemento e limpeza de fincas: 60 euros.

En todo caso, se fose preciso, o Concello poderá proceder á execución subsidiaria, pasándolle os gastos ocasionados ó infractor, sen prexuízo de poñer os feitos en coñecemento da Autoridade Xudicial e do Ministerio Fiscal.

A aplicación destas sancións enténdese sen prexuízo das que se puidesen impoñer como consecuencia doutras normas municipais ou, se é o caso, da normativa autonómica ou estatal. A sanción leva consigo a obrigatoriedade de repoñer o terreo ó seu estado primitivo.

## Disposicións Adicionais.

- Primeira.- As distancias de seguridade con respecto ás edificacións que se contemplan nesta ordenanza non serán de aplicación nas edificacións radicadas nos viveiros forestais.

- Segunda.- As distancias das plantacións de árbores con respecto ás vías públicas que non sexan de titularidade municipal rexeranse polos mínimos establecidos nesta ordenanza, polo que estableza a lexislación de carácter xeral e o organismo titular da vía en cuestión.

## Disposicións transitorias.

- Primeira.- Mentres non se aprobe definitivamente a delimitación dos núcleos rurais e urbanos do municipio, as distancias referidas ós límites tomaranse dende a liña perimetral que una as edificacións extremas do núcleo. En canto ás vivendas illadas e outras edificacións as distancias tomaranse dende os muros exteriores do cercado da finca, se os ten, ou da propia vivenda ou edificación se carece de cercado.

- Segunda.- As plantacións existentes no momento de entrada en vigor da presente ordenanza disporán dun prazo para adaptarse á mesma de un ano para aquelas que supoñan un risco de incendio forestal para as vivendas e outras edificacións e de 25 anos para as outras.

## Disposición final.

A presente ordenanza, que consta de 6 artigos, dúas disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias e unha disposición final, entrará en vigor unha vez aprobada polo Concello, publicado o seu texto completo no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo e transcorrido o prazo previsto no artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Rexime Local e permanecerá en vigor mentres a Corporación Municipal non acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Monforte de Lemos, 30 de decembro do 2003.- O ALCALDE, Severino Rodríguez Díaz.

## REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

## TÍTULO PRELIMINAR.- Disposicións xerais

Artigo 1. Son obxecto deste regulamento, a regulación das formas, medios e procedementos de información e participación dos veciños e entidades cidadás na xestión municipal, de acordo co establecido nos artigos: 1, 4.1.a), 18, 24, e do 69 ao 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 251 a 257 da Lei de Administración Local de Galicia.

Artigo 2. O Concello, a través deste regulamento, pretende acadar os obxectivos que se enumeran a continuación, e que terán o carácter de principios básicos:

- Facilitar a máis ampla información sobre as súas actividades, obras e servizos.

- Facilitar e promover a iniciativa e participación dos veciños e entidades na xestión municipal con respecto ás facultades de decisión que corresponden aos órganos municipais representativos.

- Facer efectivos os dereitos dos veciños recollidos no artigo 18 da Lei reguladora das bases do réxime local.

- Fomentar a vida asociativa na cidade.

- Achegar a xestión municipal aos veciños.

- Garantir a solidariedade e o equilibrio entre os distintos barrios e parroquias.

- Informar acerca dos grandes temas municipais como orzamento anual, os planos urbanísticos, a creación e modificación de ordenanzas fiscais, os planos sectoriais, os programas culturais, sociais ou de saúde, ou outros que polo seu contido considere conveniente o Concello.

## TÍTULO PRIMEIRO.- Da información municipal.

Artigo 3. O Concello informará aos veciños da súa xestión a través dos medios de comunicación social e mediante a edición de publicacións, folletos e bandos; a colocación de carteis, valados publicitarios, taboleiros de anuncios, paneis informativos ou cantos outros medios se consideren necesarios. Ao mesmo tempo poderá recoller a opinión dos veciños e entidades a través de campañas de información, debates, asembleas, reunións, consultas, enquisas e sondaxes de opinión.

Artigo 4. Nas dependencias da Casa do Concello funcionará un rexistro de instancias, iniciativas, queixas e reclamacións.

Artigo 5. Todos os cidadáns teñen dereito a:

a) Coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados e obter copias dos documentos contidos neles.

b) Identificar ás autoridades e ao persoal ao servizo das corporacións locais que teñan baixo a súa responsabilidade a tramitación dos procedementos.

c) Obter copia selada dos documentos que presenten, proporcionándoa xunto cos orixinais, así como a que estes sexan devoltos agás cando teñan que constar no procedemento.

d) Utilizar o idioma galego nas súas relacións coa Corporación de Monforte de Lemos.

e) Formular alegacións e proporcionar documentos en calquera fase do procedemento no que teñan a condición de interesados, anterior ao trámite de audiencia. Estas alegacións ou documentos deberán ser tidos en conta polo órgano competente ao redactar a proposta de resolución.

f) Obter información e orientación no tocante aos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes lles impoñan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.

g) Acceder aos rexistros e arquivos das Corporacións Locais nos termos previstos na Constitución e na lexislación vixente.

h) Ser tratados con respecto e deferencia polas autoridades e funcionarios, que lles facilitarán o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.

i) Obter copias e certificacións acreditativas dos acordos da Corporación Local e os seus antecedentes.

j) Esixir responsabilidades da Corporación Local.

k) Exercer calquera outro que lles recoñezan a Constitución e as leis.

#### Artigo 6.

a) As solicitudes que dirixan os veciños a calquera órgano do Concello en pedimento de aclaracións ou actuacións municipais serán cursadas necesariamente por escrito, agás as determinadas no artigo 10.2, e serán respondidas nos termos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo.

b) Cando a solicitude formule unha proposta de actuación municipal, o seu destinatario informará ao solicitante do trámite que se lle teña que dar. Se a proposta chega a tratarse nalgún órgano colexiado municipal, quen actúe de secretario deste enviará, ao proponente, no prazo máximo de 30 días, copia da parte correspondente da acta da sesión. O presidente do órgano colexiado poderá requirir a presenza do autor da proposta na sesión que corresponda, co fin de que a explique e defenda por si mesmo.

#### Artigo 7.

1.- As sesións do Pleno son públicas, agás nos casos previstos no artigo 70.1 da Lei reguladora das bases de réxime local e 253 da Lei de Administración Local de Galicia. Facilitarase a asistencia ou información simultánea de todo o público interesado en coñecer o desenvolvemento das sesións, a través dos medios máis adecuados ao caso.

2.- Igualmente, os representantes dos medios de comunicación social, terán acceso preferente e recibirán as máximas facilidades para cumprir o seu traballo.

Artigo 8. Non son públicas as sesións da Comisión de Goberno nin das comisións informativas. Sen embargo, ás sesións destas últimas poderá convocarse -de oficio ou por telo solicitado o interesado- con 24 horas de antelación, co único efecto de escoitar o seu parecer ou recibir o seu informe nun tema concreto-, a representantes das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños.

Artigo 9. Poderán ser públicas as sesións dos demais órganos complementarios e entidades municipais, nos termos previstos na lexislación e nas regulamentacións ou acordos plenarios polos que se rexan.

Artigo 10. Cando algunha das asociacións ou entidades a que se refire o artigo 8, desexa efectuar unha exposición perante o Pleno en relación con algún punto da orde do día, no que interveña como interesado ou por delegación na tramitación administrativa, a través dun único representante, poderá expor o seu parecer durante o tempo que sinala o Alcalde -e que non poderá ser inferior o que habitualmente se concede os portavoces dos diversos grupos políticos da corporación- e con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Para os efectos anteriores, a solicitude dirixida ao Alcalde deberá presentarse no Rexistro municipal can-

do menos con dous días hábiles de antelación á celebración do Pleno, debendo constar nela unha sucinta motivación do pedimento así como os datos da persoa que realizaría a exposición. En cada Pleno haberá un máximo de dúas intervencións.

Artigo 11.1.- As convocatorias e ordes do día das sesións do Pleno transmitiranse aos diferentes órganos municipais, aos órganos que agrupen as entidades cidadás e aos medios de comunicación social e faranse públicas tamén no taboleiro de anuncios do Concello.

2.- Sen prexuízo do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, o Concello dará publicidade resumida ao contido das sesións plenarias e a todos os acordos do Pleno e da Comisión de Goberno.

3.- Para este efecto utilizaranse os seguintes medios:

a) Edición, cando se considere necesario, dun boletín informativo municipal.

b) Exposición no taboleiro de anuncios do Concello.

c) Publicación nos medios de comunicación social de ámbito municipal.

d) Outros medios de comunicación que faciliten a divulgación daqueles actos administrativos.

e) Remisión da acta da sesión ou do seu extracto a aqueles grupos de tres ou máis asociacións que o soliciten.

TÍTULO SEGUNDO.- Das entidades cidadás e do Rexistro municipal de asociacións.

Artigo 12.1.- De acordo cos seus recursos orzamentarios, o Concello subvencionará economicamente as asociacións para a defensa de intereses xerais ou sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire aos seus gastos xerais como ás actividades que realicen.

2.- Para estes efectos, o orzamento municipal incluírá unha ou varias partidas destinadas a este fin. O Concello, no exercicio das súas potestades regulamentarias e de autoorganización, previo diálogo coas diversas asociacións, aprobará as normas ou bases reguladoras das formas, medios e procedementos de distribución desa partida que, en todo caso, terá en conta a representatividade da asociación, o grao de interese ou utilidade cidadá dos seus fins, a súa capacidade económica autónoma e as axudas que reciban doutras entidades públicas ou privadas.

Artigo 13.1.- As asociacións a que se refire o artigo anterior poderán acceder ao uso de medios públicos municipais, especialmente aos locais sociais, coa limitación que impoña a coincidencia do uso por parte de varias delas ou polo propio Concello, e serán responsábeis do trato dado ás instalacións.

2.- O uso de medios públicos municipais deberá ser solicitado ao Concello por escrito e cunha antelación de 3 días.

Artigo 14. Sen prexuízo do dereito xeral de acceso á información municipal recoñecido aos veciños, as entidades a que se refiren os artigos anteriores gozarán dos seguintes dereitos:

a) Recibir no seu enderezo social as convocatorias dos órganos colexiados municipais que celebren sesións públicas ou daquelas en que deba estar presente o movemento cidadán. Recibir, así mesmo, as resolucións e acordos adoptados polos órganos municipais cando afecten ao obxecto social da entidade ou esta cumpra as normas establecidas para a súa recepción.

b) Recibir as publicacións, periódicas ou non, que edite o Concello, así como, de ser o caso, o catálogo das publicacións editadas e de posíbel acceso.

Artigo 15.1. Os dereitos recoñecidos ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, só serán exercitábeis por aquelas que se atopen inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

2. O Rexistro ten por obxecto permitir ao Concello coñecer o número de entidades existentes no municipio, os seus fins e a súa representatividade, para posibilitar unha correcta política municipal de fomento do asociacionismo veciñal. Polo tanto, é independente do Rexistro Xeral de Asociacións, no que deben figurar inscritas todas elas.

3. Poderán solicitar e obter a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións todas aquelas entidades legalmente constituídas, de funcionamento democrático e sen ánimo de lucro de carácter social, deportivo, veciñal, da muller, persoas maiores, xuventude, etc., con domicilio social dentro do municipio de Monforte de Lemos e que neste ámbito xeográfico desenvolvan as súas actividades, que consistirán fundamentalmente na defensa, fomento e mellora dos intereses xerais ou sectoriais dos cidadáns.

Artigo 16.1. A solicitude de inscrición presentarase nas oficinas do Concello.

2. O Rexistro levarase na Concellalía de Participación Cidadá, e os seus datos serán públicos. As inscricións serán realizadas polas asociacións interesadas, que terán que presentar os seguintes datos:

- a) Estatutos da asociación.
- b) Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións e CIF.
- c) Nome e apelidos da persoa que actúe como representante.
- d) Enderezo social.
- e) Orzamento do ano en curso.
- f) Programa de actividades do ano en curso e número de persoas que participan nas mesmas.
- g) Certificación do número de socios.

Artigo 17.1.- No prazo de quince días desde a solicitude de inscrición, e agás que se teña que interromper para presentar documentación non incluída inicialmente, o Concello notificará á asociación o seu número de inscrición e, a partir dese momento, considerarase de alta para todos os efectos.

2.- As asociacións inscritas están obrigadas a manter os seus datos ao día, notificando cantas modificacións se produzan no prazo máximo de un mes. O

orzamento, o balance económico do exercicio anterior e o programa anual de actividades comunicaranse durante o primeiro trimestre de cada ano.

3.- O incumprimento destas obrigas dará lugar a que o Concello poida dar de baixa á asociación no Rexistro.

Artigo 18. As asociacións incritas teñen dereito a propoñer os seus propios representantes nos consellos de administración e noutros órganos executivos dos padroados, sociedades, empresas públicas, fundacións, organismos autónomos e demais fórmulas de xestión dos servizos públicos municipais, de acordo co establecido nos regulamentos ou estatutos respectivos.

TÍTULO TERCEIRO.- Dos consellos de participación cidadá.

Artigo 19. Co fin de desenvolver os obxectivos de participación, constituiranse, con carácter consultivo, o Consello de Relacións Veciñais así como os Consellos sectoriais que polo Excmo. Concello se estimen oportunos.

Artigo 20. O Consello de Relacións Veciñais estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: O concelleiro de Participación Cidadá.

Vocais: Dous en representación do goberno municipal.

Un en representación de cada un dos restantes grupos municipais integrantes da Corporación.

Seis en representación das asociacións de veciños incluídas no Rexistro municipal.

O Secretario, será o do Concello ou funcionario municipal no que delegue.

Artigo 21. Os membros do Consello de Relacións Veciñais serán designados polo Pleno do Concello segundo a proposta das instancias que representen.

Artigo 22.1.- O Consello de Relacións Veciñais reunirse, ordinariamente, unha vez por semestre e, con carácter extraordinario, por convocatoria do seu presidente ou cando así o solicite un tercio calquera dos seus membros.

2.- Os acordos adoptaranse por maioría simple.

3.- De cada reunión que se celebre redactarase unha acta na que consten os nomes dos membros asistentes, os asuntos examinados e os dictames emitidos.

4.- Para a válida constitución do Consello, requírese a asistencia da metade máis un do número legal de membros. En segunda convocatoria poderá constituírse o Consello sempre que estean presentes polo menos un tercio dos seus membros.

5.- O Consello de Relacións Veciñais dotarase dun regulamento de funcionamento que deberá ser aprobado, en todos os seus extremos, polo Pleno da Corporación Municipal. Poderá constituírse cos seus membros natos, adscribindo os representantes dos consellos sectoriais unha vez constituídos.

6.- O Consello de Relacións Veciñais poderá formar no seu seo as comisións de estudio que considere convenientes, respectando na súa composición a representación proporcional do propio Consello.

Artigo 23.- Son funcións do Consello de Relacións Veciñais:

a) Proporlle ao órgano competente fórmulas encamiñadas a resolver os problemas relacionados co ámbito das súas funcións.

b) Emitir informes, por iniciativa propia ou do Concello, sobre materias da súa competencia.

c) Emitir e formular propostas e suxerencias en relación co funcionamento dos servicios e organismos públicos municipais.

d) Presentar iniciativas, propostas ou suxerencias ao Concello, para ser discutidas nas comisións informativas municipais correspondentes.

Art 24. O Consello Económico e Social. O Consello Económico e Social configúrase como un órgano permanente de comunicación entre os distintos intereses económicos e sociais do Concello de Monforte de Lemos e de asesoramento e diálogo entre éstos e o Concello.

Art. 25.- Normas comúns de funcionamento. O funcionamento dos órganos previstos no presente regulamento axustarase ao previsto para os órganos colexiados no Regulamento de Organización, Funcionamento e Rexime Xurídico das Entidades Locais e na Lei de Rexime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. O voto dos membros do pleno será persoal e non delegábel; recoñecéndose o dereito dos discrepantes a formular votos particulares.

As sesións poderán asistir en calidade de asesores aqueles especialistas, técnicos ou persoeiros que a presidencia ou a maioría do pleno consideren necesaria, que participarán con voz pero sen voto.

Poderán formarse comisións de traballo, as cales terán especificamente misión de preparar e desenvolver os traballos do Pleno.

TÍTULO CUARTO. Dos consellos sectoriais ou de área

Artigo 26. O Pleno do Concello poderá acordar o establecemento de consellos sectoriais, para cada un dos sectores ou áreas da actividade municipal, tentando reagrupar por áreas, que teñan por finalidade canalizar a participación dos cidadáns e as súas asociacións nos asuntos municipais.

Artigo 27. Os consellos sectoriais son órganos de participación e información da xestión municipal, referidos aos distintos sectores de actuación nos que o Concello ten competencias.

Artigo 28. A composición, organización, ámbito de actuación e réxime de funcionamento dos consellos sectoriais serán establecidos no correspondente acordo plenario. En todo caso, cada consello estará presidido polo Concelleiro Delegado. A vicepresidencia 2ª recaerá necesariamente nun representante cidadán.

Artigo 29. Unha vez constituído o consello sectorial, por acordo do Pleno da Corporación, dotarase dun regulamento interno de funcionamento que deberá ser ratificado polo propio Pleno.

Artigo 30. Os consellos sectoriais teñen idénticas funcións que o Consello de Relacións Veciñais, coa salvedade de que están referidas exclusivamente ao seu ámbito de actuación específico.

TÍTULO QUINTO.- Da iniciativa cidadá

Artigo 31.1.- Calquera persoa, ben no seu propio nome ou mediante entidades ou asociacións, poderá propor unha iniciativa.

2.- A través da iniciativa cidadá, os veciños poderán recabar do Concello a execución dunha determinada actividade de competencia e interese público municipal.

Artigo 32. Na redacción dos seus orzamentos anuais, o Concello poderá ter en conta as iniciativas cidadás aprobadas, avaliando aquelas que se consideran de interese para poder levalas a efecto.

TITULO SEXTO.- Da consulta popular

Artigo 33. O Alcalde, logo do acordo por maioría absoluta do Pleno e coa autorización do Goberno do Estado, poderá someter a consulta popular aqueles asuntos da competencia municipal e de carácter local que sexan de especial relevancia para os intereses dos veciños, con excepción dos relativos á facenda local.

Artigo 34. A consulta popular, preverá en todo caso:

